



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: Extinción contrato persoal laboral temporal auxiliar de xeriatría/ xerocultora da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a comunicación de renuncia voluntaria (núm. rexistro de entrada 19 de data 15/01/2021) con efectos do 31/01/2021 da auxiliar de xeriatría/ xerocultora da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto Verónica Cabana Mejuto con DNI XXX5157XX que ten contrato de traballo como persoal laboral temporal de auxiliar de xeriatría/ xerocultora da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto suscrito en data 03/03/2018 segundo consta no decreto núm. 72/2018 de data 02/03/2018.

En aplicación do disposto no artigo 49.1c) do Real decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos traballadores e en uso das facultades outorgadas legalmente en materia de xefatura de persoal polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local polo presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Que con data 31/01/2021 se extinga o contrato de traballo asinado coa traballadora auxiliar de xeriatría/ xerocultora da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto Verónica Cabana Mejuto con DNI XXX5157XX.

SEGUNDO.- Notificar este decreto á traballadora afectada aos efectos oportunos e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite a baixa da traballadora na seguridade social con efectos do 31/01/2021.

Decretouno a Alcaldía, en Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ